

II. AUTORIDADES E PERSOAL**b) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Orde do 31 de maio de 2010 pola que se nomea presidente da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta de Ferrol.

Por Orde do 5 de maio de 2010 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza estableceuse a entrada en funcionamento da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta de Ferrol, co fin de mellorar a resposta do sistema, incorporar elementos de equilibrio territorial e outorgar unha maior operatividade a cada comisión de asistencia xurídica gratuíta.

De conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia (DOG do 15 de decembro), unha vez comunicadas polos órganos competentes as designacións das persoas que integrarán esta comisión, corresponde ao titular da consellería competente en materia de xustiza, mediante orde, nomear entre as persoas integrantes da comisión o/a seu/súa presidente/a e a persoa que o/a substitúa.

En consecuencia, e tras seren comunicadas pola fiscalía de área, polo decano do colexio de avogados do ámbito territorial correspondente, polo decano do colexio de procuradores dos tribunais do ámbito territorial correspondente, pola Dirección Xeral de Xustiza e pola Dirección Xeral de Asesoría Xurídica Xeral as referidas designacións, esta consellería, de acordo co establecido no artigo 5.2º do Decreto 269/2008, do 6 de novembro,

DISPÓN:

Artigo único.-Nomear presidenta da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta de Ferrol a María Nemiña Suárez, e como presidente suplente, para o caso de que sexa precisa a substitución da anterior, a Román Ruiz Alarcón.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Orde do 3 de xuño de 2010 pola que se declara de utilidade pública a Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (Feafes Galicia).

Por iniciativa das correspondentes asociacións poderán ser declaradas de utilidade pública aquelas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 32 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións.

O expediente foi instruído de conformidade co previsto no Real decreto 1740/2003, do 19 de decembro, sobre procedementos relativos a asociacións de utilidade pública, e nel consta a documentación e os informes previstos na citada norma.

O Decreto 157/2008, do 10 de xullo, sobre asunción de funcións da Administración do Estado traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o Real decreto 1080/2008, do 30 de xuño, en materia de declaración de utilidade pública de asociacións, asigna estas funcións á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e establece que será competente para resolver o procedemento de declaración de utilidade pública a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, logo da instrución do procedemento polo órgano correspondente.

De conformidade co informe favorable de declaración de utilidade pública emitido polo instrutor do expediente,

RESOLVO:

Declarar de utilidade pública a seguinte federación de asociacións inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia:

Denominación: Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (Feafes Galicia).

Nº de rexistro: 2004/108-2ª.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, podendo interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza